

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERIA PARA AS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS "SERRA DE OUTES" (LOTE 1) E "GREGORIO SANZ" DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 2). APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS. -----

Sendo as 13:00 horas do día 11 de xullo de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo don Jesús Gandoy Cerceda, adxunto da sección de contratación; e actuando como vocais:

- Dona Maria García Ferro, titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria), dona Elva Anido en substitución do interventor xeral, dona Ana Sáez Mancebo titular da Asesoría Xurídica e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión o presidente da Mesa e procédese por parte do Secretario a lectura ó informe do negociado de rexistro de data 11 de xullo de 2016, no que se pon de manifesto que: "**Non se presentou ningunha plica a contratación que se reseña, nas datas comprendidas entre o 23 de xuño de 2016 e o 8 de xullo de 2016 (ámbolos dous inclusive).**"

Á vista do cal os membros da mesa acordan declarar deserto o procedemento para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERIA PARA AS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS "SERRA DE OUTES" (LOTE 1) E "GREGORIO SANZ" DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 2)**; e remitir a presente acta á responsable do Servizo de Educación, para que proceda á emisión dun informe no que se poña de manifesto a necesidade da continuidade ou non do procedemento; ou sobre a necesidade da modificación das condicións técnicas para levar a cabo unha nova contratación.

Sen mais que manifestar, dáse por rematada a sesión, sendo as 13:45 horas.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: Jesús Gandoy Cerceda

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz